

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2023 pola que se aproba e fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución reitoral do 27 de abril de 2023 (DOG do 10 de maio), convocáronse probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, resolvo:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivasen a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/emendaSelecPersoalLaboral.htm>

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Sexto. Nomear, en aplicación da base 5.1 da convocatoria, o tribunal do proceso selectivo. Estará composto polas seguintes persoas:

Tribunal titular:

Presidente:

– Verónica Piñeiro Gómez, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

CVE-DOG: duus2wk5-byv8-o0j7-5oo3-qjdcudbwzi01



Vogais:

- Albina Román Castro, persoal laboral fixo do grupo I da USC.
- María José Pazos Guldrís, persoal laboral fixo do grupo I da USC.
- José Alberto Pazos Ferreiro, persoal laboral fixo do grupo II da USC.

Secretario:

- José Luis Cruz Torres, funcionario de carreira da escala técnica superior de administración da USC, que actuará con voz e voto.

Tribunal suplente:**Presidente:**

- Óscar Lantes Suárez, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Vogais:

- Esteban Guitián Fernández, persoal laboral fixo do grupo I da USC.
- Alejandra Martínez Maquieira, persoal laboral fixo do grupo I da USC.
- José Antonio Burés Liñares, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Secretaria:

- Vega Fernández, María Dolores, funcionaria de carreira da escala de xestión da USC, que actuará con voz e voto.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

